



O ESTUDO DA TERRA



1. Marca a resposta correcta. As capas que forman a Terra son...

a) Atmosfera, Hidrosfera, Biosfera e Xeosfera.

b) Codia, Manto Superior, Manto Inferior, Núcleo Externo e Núcleo Interno.

c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

2. Que son e onde se xeran as ondas sísmicas?

a) Son vibracións e xéranse na atmosfera.

b) Son explosións e xéranse no interior da Terra.

c) Son vibracións e xéranse no interior da Terra.

3. Todos os terremotos producen...

a) ondas primarias (P), secundarias (S) e superficiais.

b) un aumento da temperatura na superficie.

c) ondas primarias (P), gravitacionais (G) e sonoras.

4. Que é un sismógrafo?

a) Un instrumento para medir a cantidade de gas no espazo.

b) Un instrumento que rexistra as ondas sísmicas.

c) Un instrumento que mide a velocidade do son.

5. Relaciona con frechas.

Codia

Manto inferior

Núcleo interno

Atmosfera

Manto superior

Núcleo externo





O ESTUDO DA TERRA



6. Verdadeiro ou Falso, marca segundo corresponda.

a) A codia é a capa máis externa da xeosfera. Divídese en codia continental e codia oceánica.

V

F

b) O manto é a capa máis fina da xeosfera. Divídese en manto vertical e manto horizontal.

V

F

c) O manto é a capa máis grosa da xeosfera e atópase entre a codia e o núcleo.

V

F

7. Segundo a teoría da deriva continental, que ocorreu co supercontinente Panxea?

a) Afundiuse completamente baixo os océanos.

b) Rompeuse en continentes que se foron desprazando sobre o manto.

c) Permanecía inmóbil no centro da Terra sen cambios.

8. Que son as placas litosféricas segundo a Teoría da Tectónica de Placas?

a) Fragmentos ríxidos da litosfera que se moven e interactúan.

b) Masas fixas de rochas situadas unicamente nos continentes.

c) Grandes bloques de magma líquido que flotan no núcleo terrestre.

9. Verdadeiro ou falso, marca segundo corresponda.

a) Nun bordo diverxente entre dúas placas oceánicas fórmase unha dorsal oceánica.

V

F

b) Os rifts continentais fórmanse cando dúas placas colisionan con gran forza.

V

F

c) A colisión entre a placa da India e a Euroasiática deu lugar á formación do Himalaya.

V


F

10. Movemento de placas. Une con frechas.



As placas sepáranse

Converxentes



As placas colisionan

Diverxentes



As placas deslízanse

Transformantes